



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BANDO

**D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO,
ALCALDE DO CONCELLO DE ORDES**

FAI SABER

Con motivo da celebración das **cacharelas da noite de San Xoán e San Pedro**, as persoas, asociacións ou entidades organizadoras deberán presentar no **Rexistro Xeral do Concello** antes das 14,00 horas do 20 de xuño, a correspondente **comunicación previa, ou solicitude de autorización no caso dos lugares nomeados no punto 1. do parágrafo a)** seguinte, **para a realización das cacharelas**, a cal estará suxeita ao cumprimento das seguintes normas:

NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE CACHARELAS

SITUACIÓN

a) Dominio público:

1. **Locais sociais, prazas, parques e xardíns municipais (así como calquera outro ben de dominio público de carácter especial):** deberán contar coa previa autorización municipal.
2. **Vías públicas pavimentadas e beirarrúas:** deberá protexerse o pavimento cunha chapa metálica sobre a que se colocará unha capa de area de 10,00 cm. O Concello procederá a facilitar area a todas aquelas persoas que o soliciten así como á súa retirada.
3. **Vías públicas non pavimentadas:** autorízase a súa realización.

Os organizadores da cacharela serán os responsables dos danos que se puideran producir no dominio público e deberán proceder, no seu caso, ao aboamento dos gastos de reconstrución e reparación ocasionados pola realización da cacharela.

b) Propiedade privada:

Deberán contar coa **autorización previa do propietario dos terreos** , tendo en conta que o Concello non asumirá ningunha responsabilidade en caso de que a queima se realice sen terse obtido.

NORMAS DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE.

As cacharelas deberán cumprir as seguintes normas de seguridade e salubridade, para evitar situacións de perigo e danos ós participantes e bens situados nas proximidades:

- O volume combustible da cacharela non excederá os 8,00 m de perímetro nin os 3,00 m de altura.
- A separación da cacharela dos edificios e árbores será como mínimo de 8,00 m.
- A cacharela non poderá situarse baixo o tendido eléctrico nin telefónico.
- Está prohibida a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites ou calquera outro produto que conteña líquidos inflamables, gases a presión ou que ao arder poida desprender fume tóxico.
- Ao remate da celebración comprobarase que as cinsas da cacharela quedan totalmente apagadas.
- Procederase a deixar a zona limpa, libre de todo tipo de lixo e restos da celebración, agás a area subministrada polo concello, nun prazo máximo de 24 horas.

A POLICÍA LOCAL e/ou a GARDA CIVIL vixiarán o cumprimento das normas anteriores formulando a correspondente denuncia no caso de incumprimento, que dará lugar á iniciación do correspondente procedemento sancionador, así como a esixencia de indemnización dos danos e prexuízos que se causen no dominio público local.

Ordes, na data da sinatura dixital

O alcalde
Asinado